



Política de Resolución de Disputas sobre Elixibilidade e Reconsideración de Puntogal (ERDRP)

Definición

A política de resolución de disputas sobre elixibilidade e reconsideración (ERDRP), que establece os termos e condicións para as recusacións das decisións adoptadas pola Asociación PuntoGal sobre a elixibilidade para o rexistro dun dominio .gal.

A política de Resolución de Conflictos sobre a Elixibilidade e Reconsideración é unha política propia da Asociación PuntoGal, con base nas directivas da ICANN.

A presente política pon a disposición de calquera persoal que crea que un dominio .GAL non cumpre cas normativas de elixibilidade, a posibilidade de presentar unha queixa formal. Esta norma non substitúe á URDP nin á xurisdición pertinente aplicable.

PuntoGal deixa en mans do Centro de Mediación do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, ICACOR.MEDIA, a resolución dos desacordos entre as partes a través dun proceso de Mediación:

"As partes intervinientes acordan libre e voluntariamente que todas as desavinzas, controversias, diverxencias ou cuestións litixiosas que deriven do presente contrato, se resolverán, -antes de recorrer á arbitrase, procedemento xudicial ou outro procedemento de resolución de conflitos-, a través dun proceso de mediación que se administrará polo Centro de mediación do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, ICACOR.MEDIA, con subxección aos seus estatutos e demais normas de aplicación que resulten vixentes na data de solicitude da mediación"

Lexislación aplicable e xurisdición

Esta política rexerese polas leis galegas, españolas e europeas.

Lingua

Esta política foi redactada en Galego e Inglés.

No caso de ter dificultades de interpretación deste texto, a versión en Galego prevalecerá entre as partes.